

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO 4 DE XUÑO DE 2007

2.- Solicitudes de licenzas de obras.

FAVORABLES.

1919/06.- Rosalino José Blanco Pías.- Reforma de café-bar e restaurante sito na Avda. de Vilagarcía núm.16-baixo.

461/04.- M^a Carmen Pazos Sende.- Legalización das modificacións executadas na vivenda unifamiliar en execución sita na Calzada de Sar núm.56.

1854/06.- Promociones Falcón Acha, S.L.- 4 vivendas unifamiliares nas parcelas 1, 2, 3 e 4 da Rúa das Flores, Roxos.

ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS.

1146/07.- Castyproinver, S.L.- Solicita a aceptación por parte do Concello da cesión dos terreos dedicados a viario dende a aliñación oficial dos peches, en relación coa licenza concedida para construción de 8 viv. unif. en Eixo-Marrozos.

DEVOLUCIÓNS FIANZAS.

799/07.-Carmen Gondelle Calvelo.-Expte.....2739/04.....2.500 €

805/07.- Manuel FranciscoBarbeitos Alcántara.-...Expte.....2952/04.....1.000 €

134/07.-PromocionesVal do Xallas, S.L.-.....Expte.....495/04.....3.273 €

731/07.-Candido Seoane Otero.-.....Expte....476/01.....672.000 ptas..(4.038,8 €).

809/07.-Arzobispadode Santiago de Compostela.-.....Expte..463/04.....1.500 €

475/07.-AnaMaría Cancela Alonso.-.....Expte..678/03.....1.500 €

600/07.-UteGeslander Inmobiliaria Pajonal.-.....Expte..1468/04.....10.000 €

APERTURAS.

Lap/122/04.- La Bodeguilla de San Lázaro S.C.- Apertura de restaurante dun garfo en Rúa de San Lázaro, SUNP-6, San Lázaro.

OCIHR

LICENZAS

FAVORABLES.

LIC/2498/2005.- AGRUCHAVE SL.- Rehabilitación edificio na Rúa Fonte de San Antonio nº 17.-

LIC/1626/2005.- PILAR ISABEL CEPEDA IGLESIAS.- Modificación do proxecto básico e de execución de Rehabilitación de elementos comúns consistentes na modificación de ventás e zócalos exteriores na Rúa de San Paio de Antealtares nº 6.-

DENEGADAS.

LIC/546/2007.- PROYELINKA S.L.- Cambio de uso de oficinas para vivenda na praza Cervantes nº 7.

LIC/1123/2007.- ANA MARÍA GONZALEZ-MORO VELA.- Autorización para restaura-la casa da Estrela ou Casa do Cabildo.

5.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas para varias familias.

6.- Proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa á aprobación das bases da convocatoria e do orzamento do concurso literario Ánxel Casal, nas modalidades de teatro, poesía e conto.

Apróbanse as bases e un orzamento de 5.990 euros.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á autorización do "Campionato de Galicia de Cotrarreloxo Individual", que organiza a Federación Galega de Ciclismo.

Autorízase a celebración da proba, que terá lugar o domingo 10 de xuño.

8.- Adxudicación do Subministro e instalación de aire acondicionado nas oficinas municipais sitas na rúa Galeras nº5.

Adxudícase á empresa DAVIÑA, SL, por un importe de 29.765 euros.

9.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación da Asistencia técnica para a realización dun estudo Técnico de adaptación ás novas normativa sectoriais das actividades industriais existentes ou futuras no Polígono do Tambre.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 18.030 euros.

10.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa a prórroga e revisión de prezos do contrato de aluguer do local sito na Travesa dos Basquiños 7 baixo.

Apróbase a prórroga do aluguer do local de referencia polo prazo dun ano, así como a revisión do prezo do aluguer desde o mes de xuño de 2007, de conformidade coa variación experimentada polo IPC.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á prórroga dos contratos do persoal titor do proxecto Persoa III.

Apróbase a prórroga dos contratos subscritos co persoal titor que prestan os seus servizos no Proxecto Persoa III, por un período dun mes. O custo total da prórroga destes contratos é de 7.904 euros.

12 a 24.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa a beneficios fiscais en varios impostos.

Concédense as devanditas bonificacións.

25.- Propostas do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a diversas exencións no Imposto sobre Bens Inmóbles.

Concédense diversas exencións do devandito imposto.

26.- Proposta da concelleira delegada do Casco Histórico relativa á aprobación de axuda para mantemento de edificio no Casco Histórico (Expediente: ME-21).

Apróbase a axuda para o mantemento dun edificio situado na Rúa do Franco, 19.

27.- Proposta da concelleira delegada do Casco Histórico relativa á aprobación definitiva de axudas para vivendas no Casco Histórico. (Expediente: 2002-899 e 2005-128).

Apróbanse definitivamente axudas para dúas vivendas, situadas na Rúa Belvís 36 e na Corredoira das Fraguas, 43, por uns importes de 12.303 e 11.442 euros.

28.- Proposta da concelleira delegada do Casco Histórico relativa á aprobación definitiva de axudas para local comercial no Casco Histórico. (Expediente: B05-610).

Apróbase definitivamente unha axuda para un local comercial, praza de San Miguel,4, por importe de 6.368 euros.

29.- Proposta da concelleira delegada do Casco Histórico relativa á rectificación da aprobación inicial de axudas para vivendas no Casco Histórico. (Expedientes:2006-188, 2006-189 e 2006-190).

Rectifícase o erro e apróbanse as axudas para a rehabilitación de 3 vivendas (1º, 2º e baixo comercial), situadas na Fonte de Santo Antonio, 17.

30.- Proposta da concelleira delegada do Casco Histórico relativa á aprobación definitiva de axudas para locais no Casco Histórico. (Expediente: B05-616).

Apróbase definitivamente unha axuda para un local comercial, situado na Rúa da Fonte de San Miguel, 1, por 6.360 euros.

31.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación provisional do Plan especial do equipamento docente de Monte Redondo (D-19). Colexio Manuel Peleteiro.

Apróbase provisionalmente o Plan especial do equipamento docente D-19 en Monte Redondo.

32.- Proposta da concelleira delegada do Casco Histórico relativa á aprobación inicial de axuda para elementos especiais de madeira en edificios do Casco Histórico. (Expedientes: CARP3/06, CARP6/06 E CARP17/06).

Apróbanse inicialmente axudas para elementos especiais de madeira en tres edificios do Casco Histórico (Rúa de San Pedro, 9 e 22, e Rúa de Campo do Forno, 24), por importe de 5.743, 3.948 e 9.073 euros respectivamente.

33.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación definitiva do proxecto modificado número 1 da urbanización do solo urbanizable programado número 6 (SUP-6) de Santa Marta.

Apróbase definitivamente o devandito proxecto formulado por Emuvissa, sen modificacións respecto do aprobado inicialmente.

34.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación definitiva do proxecto modificado número 1 da urbanización do solo urbanizable non programado número 22 (SUNP-22) de Castro de Abaixo.

Apróbase definitivamente o devandito proxecto formulado por Emuvissa, sen modificacións respecto do aprobado inicialmente.

35.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación definitiva do proxecto modificado de conexións exteriores de augas pluviais e residuais do sectores SUP-6 e SUNP-22.

Apróbase definitivamente o devandito proxecto sen modificacións respecto do aprobado inicialmente.

36.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación definitiva do proxecto complementario de alimentación exterior eléctrica no SUP-6 e SUNP-22.

Apróbase definitivamente o devandito proxecto formulado por Emuvissa, sen modificacións respecto do aprobado inicialmente.

37.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial do expediente complementario do proxecto de equidistribución da unidade de xestión número 16 (UX-16) de Santas Mariñas.

Acórdase iniciar un expediente complementario do proxecto de reparcelación da unidade de xestión 16 da Costa de Santas Mariñas.

38.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo para dar conta da recepción de obras de urbanización no polígono 2 do solo urbanizable programado número 5 (SUP-5) da Choupana.

Dáse conta da recepción das obras.

39.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial do proxecto de urbanización do polígono 4 de Fontiñas.

Apróbase inicialmente o devandito proxecto.

40.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo para designar ao arquitecto supervisor das obras de execución do Polideportivo do solo urbanizable programado número 3 (SUP-3) de Ponte Pedriña.

Acórdase nomear como arquitecto municipal responsable da supervisión da execución das citadas obras a Enrique Seoane Prado.

41.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo para dar conta da recepción de obras de urbanización no solo urbanizable non programado número 16 (SUNP-16) de Volta do Castro.

Dáse conta da recepción das devanditas obras, executadas polo IGVS.

URXENCIAS

1.- Adxudícanse a CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRÁS, SL, por un importe de 59.950 euros e un prazo de execución de 30 días, as obras de reforma dos aseos da planta baixa do Pazo de Raxoi.

2.- Apróbase o prego de condicións e o inicio do expediente de contratación das obras de reforma do servizo de Atención ao Contribuínte, por un importe de 57.521,99 euros e un prazo de execución dun mes.

3.- Apróbase o prego e o inicio do expediente de contratación dunha asistencia técnica para a dirección e coordinación de seguridade e saúde das obras de construción da Escola Infantil do Polígono do Tambre, por importe de 15.885,90 euros.